Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común
PONTEVEDRA

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de PONTEVEDRA, ha dictado la siguiente RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE:
D. Gerardo Zugasti Enrique
VICEPRESIDENTE
D. Antonio Gutierrez Población
VOCALES
D. Pedro Rial López
D. José L.Peláez Casalderrey
D. Luis Muiños Vidueira
D. Juán Areses Trapote
VOCALES EN REPRENTACIÓN DE LAS COMUNIDADES VECINALES INTERESADAS:
De San Andrés de Geve-Pontevedra
D. Juán M. Ruibal Silva
De Bora-Pontevedra
D. José Portela Pintos
De Sta. María de Geve-Pontevedra
D. Manuel Corbacho García
De Arra-Adigna-Sanxenxo
D. José Barbeiro Miguez
De Nantes-Sanxenxo
D.Arcadio Duran Dominguez
De Atios y Torneiros-Porriño
D. Jerónimo A.Escariz Vazquez
De Budiño-Porriño
D. Manuel Besada Morais
SECRETARIO
D. Manuel Rodriguez Campos

En la ciudad de Pontevedra siendo las diecisiete horas del día trece de enero de mil novecientos ochenta y siete, con la asistencia de los señores al margen reseñados, se reune el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, al objeto de decidir sobre la clasificación de los montes de la parroquia de Nantes-Sangenjo.

Examinado el expediente del monte "PEDROUSOS O CONTUMIL", sito en la Parroquia de Nantes, término municipal de Sangenjo.

RESULTANDO que el 5 de febrero de 1.984 se reunieron en la Parroquia de Nantes 209 vecinos, con el fín de elegir una Junta Gestora de Montes en Mano Común con la finalidad de hacer la reivindicación del monte comunal denominado "Monte de Contumil o Pedrouzos", perteneciente a la Parroquia de Nantes, y que los vecinos consideran como suyo por derecho consetudinario, enviando copia del Acta al Jurado Provincial de Montes en Mano Común, así como Plano del monte y solicitando se inicie el expediente de clasificación.

RESULTANDO que el 14 de febrero la indicada Junta Gestora se dirige al Excmo. Sr. Gobernador Civil solicitando anule acuerdo del Ayuntamiento de Sangenjo, de fecha 3 de febrero de 1.984 por el que se acuerda iniciar los trámites para otorgar al Club de Futbol Sanxenxo una concesión de terrenos en el monte Pedrouzos, con destino a campo de futbol.

RESULTANTO que Don Manuel Barbeito Fernández, Secretario de la Junta Gestora de Montes en Mano Común de la Parroquia de Nantes, con fecha 8 de Marzo de 1.984 envia copia del Catastro del Marqués de la Ensenada, relativo al monte Pedrouzos y San Juan y una instancia del Regidor Síndico de Sangenjo, de 7 de Febrero de 1.898 solicitando la excepción de venta del monte Castiñeiro, Pedrosas y otros.

RESULTANDO que el expediente de investigación del monte radicado en la Parroquia de Nantes, lo define como se indica a continuación:

Nombre del monte: PEDROUSOS O CONTUMIL
Cabida: 7'1350 Has.
Límites: NORTE.- Propiedades particulares Campiños y Revoltas.
ESTE.- Propiedades particulares Fontacobo, Monte de Carballo y Gramales.
SUR.- Propiedades particulares Gramaliños.
OESTE.- Propiedades particulares Pedrousos y Pinal do Rey.

RESULTANDO que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en sesión celebrada el día 20 de septiembre de 1.984, se acordó iniciar los trámites para la clasificación del monte Pedrouso y Contumil como de los vecinos de la Parroquia de Nantes.

RESULTANDO que por Providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de CAMBADOS la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente Propuesta.

RESULTANDO que la iniciación del expediente se publicó en el Bo

Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común
PONTEVEDRA

letín Oficial de la Provincia de 29 de Diciembre de 1.984, concediéndose un plazo de dos meses para conocer el expediente y formular alegaciones.

RESULTANDO que ni hasta la finalización del antedicho plazo, ni hasta la fecha de redacción de esta Propuesta se ha presentado ningún escrito sobre la clasificación de que se trata.

VISTOS la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de Noviembre de 1.980 y el Reglamento vigente, en lo que le es de aplicación, la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO que el monte de que se trata reune las características exigidas por la Ley para ser clasificado como Vecinal en Mano Común, en base a lo dispuesto en su artículo 1º.

En su virtud este Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común ha aprobado la siguiente

RESOLUCION

Clasificar como Vecinal en Mano Común el monte "PEDROUSOS o CONTUMIL", tal como se describe en el cuarto RESULTANDO, y asignando la propiedad a los vecinos de la Parroquia de Nantes.

Notifíquese la presente resolución a los interesados con ofrecimiento de los recursos procedentes.

Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común
PONTEVEDRA

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de PONTEVEDRA, ha dictado la siguientes RESOLUCION:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**
D. Gerardo Zugasti Enrique.
**VICEPRESIDENTE:**
D. Antonio Gutierrez Población.
**VOCALES:**
D. Pedro Rial López.
D. José Luis Peláez Casalderrey
D. Luis Muiños Vidueira
D. Eloy Artime Cot.
**VOCALES EN REPRESENTACION DE LAS COMUNIDADES VECINALES INTERESA-=DAS:**
**De San Andrés de Geve-Pontevedra**
D. Juan M. Ruibal Silva.
**De Bora-Pontevedra**
D. José Portela Pintos.
**De Nantes-Sanxenxo**
D. Arcadio Durán Dominguez.
**De Area-Adigna-Sanxenxo**
D. Jerónimo A. Escariz Vázquez
**De Atios y Torneiros-Porriño**
D. Jerónimo A. Escariz Vázquez
**De Budiño-Porriño**
D. Manuel Posada Morais.

En la ciudad de Pontevedra, siendo las diecisiete horas del día **veinticinco de septiembre= de mil novecientos ochenta y siete**, con la asistencia de los señores al margen reseñados, se -= reune el **Jurado Provincial de Montes Vecinales - en Mano Común**, al objeto de decidir sobre la --= **Resolución** del recurso de reposición interpuesto por D. José Ramón Quisalola Gorrity, en representación del Ayuntamiento de Sanxenxo, contra la - Resolución de este Jurado en que se clasifica como Monte Vecinal en Mano Común el monte denominado "PEDROUSOS O CONTUMIL" de 7'1350 Has., de pro-

.../...

Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común
PONTEVEDRA

De Pontellas-Porriño
D. José Prado González.
De Santa María-Porriño
D. José Troncoso Losada.
De Santa María de Simes-Meaño
D. José Serafín Pérez Méndez.
SECRETARIO:
D. Manuel Rodriguez Campos.

piedad de los vecinos de la Parroquia de Nantes, del Ayuntamiento de Sanxenxo, acordada con fecha 13 de enero de 1.987.

SUPUESTOS DE HECHO:

PRIMERO.- El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó en sesión celebrada el día 20 de septiembre de 1.984, iniciar los trámites del expediente para la clasificacion del monte "PEDROUSOS Y CONTUMIL", de 7'1350 Has., sito en el Ayuntamiento de Sanxenxo.

SEGUNDO.- Iniciado el expediente de clasificación y de conformidad con las prescripciones de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de noviembre de 196 y Reglamento para su aplicación y desarrollo de 26 de febrero de 1970 ,actualmente vigente conforme a la Disposición Transitoria 5ª de la Ley, se somete a información pública con citación expresa al Ayuntamiento de Sanxenxo, al Presidente de la Cámara Agraria Local y al Presidente de la Comunidad de vecinos del Monte de Nantes, así como por anuncio en el B.O.P. de 29 de diciembre de 1984 a los posibles interesados.

TERCERO.-El Jurado, en sesión celebrada el día 13 de enero de 1987, acordó la clasificación,como monte vecinal en mano común, del denominado "PEDROUSOS Y CONTUMIL de 7'1350 Has., por reunir los requisitos necesarios, conforme al art. 1 de la Ley y 2º del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

CUARTO.- Notificándose la Resolución del Jurado a las partes personadas en el expediente se formuló recurso de reposición en tiempo hábil por D. José Ramón Guisasola Gorrity, como represnetante del Ayuntamiento de Sanxenxo.

QUINTO.- En el recurso de reposición interpuesto se alega como motivo de discrepancia con la Resolución impugnada que la misma fué dictada por el Jurado Provincial sin haber examinado las "alegaciones" formuladas por el Ayuntamiento de Sanxenxo en momento procesal oportuno y, por consiguiente, sin haber tenido en cuenta los documentos que con aquellas alegaciones se aportaban, al objeto de acreditar fehacientemente los antecedentes fácticos y las consideraciones jurídicas contenidos en dicho escrito.

JURADO PROVINCIAL DE MONTES VECINALES EN MANO COMÚN
PONTEVEDRA

Se adjuntan fotocopias del escrito de alegaciones mencionado, así como de las certificaciones y documentos que al mismo acompañaban.

FUNDAMENTO DE DERECHO:

PRIMERO.- Ha de admitirse por este Jurado que las alegaciones formuladas por - el Ayuntamiento de Sanxenxo, así como las certificaciones y documentos que las acompañaban, y que tuvieron entrada en estas Oficinas el día 8 de marzo de 1.985, no fueron - consideradas a la hora de adoptar la Resolucion clasificatoria del monte"PEDROUSOS O CONTUMIL" el 13 de enero de 1.987.

SEGUNDO.- Una vez examinado el recurso presentado y las alegaciones formuladas, asi como estudiado el informe del Jefe de lo Forestal de Julio de 1.984, ha de afirmarse que el monte denominado "PEDROUZOS O CONTUMIL" viene siendo aprovechado consuetudinariamente en mano común por los vecinos de la Parroquia de Nantes, sin que pueda ne-- garse dicho aprovechamiento por el hecho de que el mismo no tuviera como objeto una actividad maderable de carácter principal y se limitara al aprovechamiento de esquilme, actividad ésta que se recoge expresamente por la Ley de Montes Vecinales en Mano Común en el art. 5.4.

Asimismo el que dicho monte fuera entregado a la "libre disposición" del Ayuntamiento no determina sin más una exclusión del aprovechamiento vecinal más cuando, como el propio informe mancionado anteriormente indica, en el caso que nos ocupa fue una mera teoría, puesto que casi la totalidad de los montes de dicho Municipio fueron divididos en suertes entre los vecinos a principios del siglo XX.

Asimismo su inclusión en el Libro Inventario de Bienes Municipales y en el Re-- gistro de la Propiedad no es obstáculo a la clasificación del monte como vecinal en mano común, conforme a lo establecido en el art. 12 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común.

TERCERO.- Dado que el recurso interpuesto no viene a aportar ningún elemento — nuevo que permita desvirtuar la Resolución de este Jurado.

VISTOS la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, Reglamento para su aplicación, la Ley de Procedimiento Administrativo y demás disposiciones concordantes se acuerda por el Jurado Provincial desestimar el recurso de reposición interpuesto, manteniendo integramente la Resolución impugnada de clasificar como Monte Vecinal en Mano Común el denominado "PEDROUSOS Y CONTUMIL", de 7'1350 Has., de los vecinos de la Parroquia de - Nantes, tal y como se describen en la Resolución por reunir todas y cada una de las —

Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común
PONTEVEDRA

condiciones requeridas para ello conforme al Art. 1 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 2º del Reglamento.

Notifiquese la presente Resolución a los interesados con ofrecimiento de los recursos procedentes.

JURADO PROVINCIAL DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN
PONTEVEDRA

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o día 10 de xullo de 2017, respecto a revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal de Pedrousos ou Contumil, da CMVMC de Nantes ( Sanxenxo)

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro**- O monte Pedrousos ou Contumil foi clasificado por resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en man Común de Pontevedra o 13 de xaneiro de 1987, segundo os límites descritos no expediente de investigación realizado pola Administración Forestal no Concello de Sanxenxo, con unha cabida de 7,1350 ha e uns límites xerais:

Norte: Propiedades particulares Campiños e Revoltas.
Este: Propiedades particulares Fontacobo, Monte de Carballo e Gramales.
Sur: Propiedades particulares Gramaliños.
Oeste: Propiedades particulares Pedrousos e Pinal do Rei.

Na investigación citada inclúese un esbozo sobre cartografía que non permite a práctica de medicións e que se adxunta a este informe.

**Segundo.**- Con data 16 de febreiro de 2015, se recibe escrito do concello de Sanxenxo onde solicita a antiga Consellería do Medio Rural e do Mar, a comprobación e corrección do esbozo do monte Pedrousos ou Contumil sito na Parroquia de Nantes, Sanxenxo – Pontevedra alegando entre outros o séguente:

1º.- En sesión celebrada o 30/08/1974 a corporación municipal en pleno acordou iniciar o expediente de deslinde do citado monte, levándose a cabo a correspondente acta de apeo e o levantamento topográfico con data 15/09/1975.

Resultado do anterior, con data 27/09/1975, o enxeñeiro encargado dos traballos, D. Ricardo García Borregón, emite informe no que refire:

CVE: M4sLrnk4k1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*"Los límites que proponemos para el monte, son los siguientes:*

*N.- Las fincas Revolta y Campiños*

*E.- Los montes particulares denominados Fontacobo o Fontacon, Carballo y Gramales.*

*S.- El monte Gramaliños, y*

*O.- Los montes denominados Pedrousos y Pinal de Rey-*

*El enclavado Pedrousos está todo rodeado de muro rudimentario y tiene una superficie de 3.460 m².*

*Por lo tanto la superficie de terrenos municipal será:*

| | |
|---|---|
| *Superficie total:* | *74.810 m².* |
| *Superficie del enclavado:* | *3.460 m².* |
| *Diferencia:* | *71.350 m².* |

*(...)"*

Finalmente, en sesión ordinaria celebrada o día 26/12/1975, a corporación municipal en pleno adoptou o acordo literal seguinte:

*"DESLINDES ADMINISTRATIVOS.- DESLINDE DEL MONTE CONTUMIL O PEDROUZOS. Se dio cuenta a la Corporación Municipal del expediente tramitado en este Ayuntamiento con motivo del deslinde del Monte de Libre Disposición denominado Contumil o Pedrouzos, situado en la Parroquia de Nantes del Ayuntamiento de Sangenjo, que figura debidamente escrito en el registro de la Propiedad y en el Inventario de Bienes Municipales, del Acta de apeo de dicho Monte llevada a cabo el día 15 de septiembre de 1975 así como del informe y Plano levantado del Ingeniero Operador de dichos deslindes por el que resulta dicho Monte una vez deslindado con una superficie de 71.350 m² y que linda al Norte: las fincas Revolta y Campiñas; Sur: el Monte Gramaliños; Este: los Montes particulares denominados Fonta-Cobo, Carballo y Gramales y Oeste: los montes denominados Pedrouzos y Pinal de Rey; la Corporación por unanimidad y después de amplia deliberación acuerda prestar aprobación al deslinde efectuado de conformidad con lo dispuesto en el Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales de 27/05/1955, y facultar al Sr. Alcalde para los trámites sucesivos de dicho expediente".*

E con data 28/01/1976 publícase o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da aprobación do deslinde.

De todo o anterior o concello de Sanxenxo aporta documentación, incluído memoria, acta, informe e plano de deslinde.

CVE: M4sLmk4k1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Terceiro.-** En data 14/01/2015, Manuel Otero Pombo, representante da comunidade de Contumil-Pedrouzos (Nantes) achega documentación ante o concello de Saxenxo onde fai constar:

- Segundo consta nos arquivos da C.M.V.M.C de Contumil-Pedrouzos, os terreos pertencentes a esta Comunidade de Montes previo deslinde e aprobación polo Xurado Provincial de Montes, correspóndese co plano levantado para o efecto, que se achega. (aporta plano de deslinde realizado polo concello 27/09/1975).
- Que o monte se atopa perfectamente deslindado e delimitado con poste de formigón.
- Os terreos do Comunal en parte polo seu vento Oeste, lindaban co Centro Cultural e Deportivo de Sanxenxo, estes terreos tamén están perfectamente delimitados e pechados con tubos de arame. Ao longo desta linde e, en terreo comunal, construíuse unha estrada que dá servizo ao colexio de Nantes e comunica os lugares de Pedrouzos e Revolta. Actualmente o Circulo cultural e deportivo de Sanxenxo, linda con esta estrada, de titularidade municipal, polo que xa non linda con Monte Comunal.
- Nunca existiu ningún tipo de conflito na linde con Círculo Cultural e deportivo de Sanxenxo, os que veñen utilizando e gozando da súa propiedade desde hai moitos anos de forma pacífica.

**Cuarto.-** Revisada toda a documentación se comproba que o esbozo que acompaña a estudo previo da clasificación do monte veciñal de Pedrousos ou Contumil e o plano de deslinde realizado polo concello o 27/09/1975 ten a mesma forma pero uno está xirado respecto do outro, incluso o enclavado que nel hai.

Que o monte veciñal de Pedrousos ou Contumil clasificouse polo xurado Provincial de MVMC en 1987 con os mesmos lindeiros e a mesma cabida que o deslinde aprobado e anunciado o 28/01/1976 polo concello.

Que os terreos que a Comunidade de Pedrousos ou Contumil consideran como monte veciñal é o referido no plano de deslinde do monte polo concello o 27/09/1975.

**Quinto.-** Como consecuencia de todo isto, en data 25/02/2015, realizase por parte do Servizo de Montes de Pontevedra, un levantamento topográfico da liña do monte veciñal de Nantes que linda co Círculo Cultura de Sanxenxo.

CVE: M4sLmk4k1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Sexto.-** Paralelamente é comprobado in situ, o erro do croquis da carpeta ficha, e que este monte sufriu o paso da Autovía AG-41 - autovía do Salnés, acto de disposición que non se encontra recollido no Rexistro Provincial de MVMC de Pontevedra, se realiza por parte do Servizo de Montes o levantamento topográfico de todo o monte veciñal de "Pedrousos e Contumíl", acompañados por representantes da comunidade.

Resultando que como consecuencia deste levantamento topográfico o monte queda descrito da seguinte maneira:

O monte Pedrousos ou Contumil, polo paso da Autovía AG-41 e por un camiño asfaltado queda dividido en 4 parcelas de cabidas:

Parcela 1: 1,46 ha despois de descontado o encravado A, de 0,33 ha.

Parcela 2: 1,12 ha

Parcela 3: 0,84 ha

Parcela 4: 0,89 ha

Polo que a cabida total é de 4,31 ha, descontando o encravado A de 0,33 ha, sito na parcela 1.

E os límites xerais, considerando que o monte é un couto redondo, e que dita continuidade non se ve interrompida por límites naturais, artificiais (vías de comunicación etc) nin administrativos, segundo recolle o punto 10 do artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, son:

Norte, Sur, Leste e Oeste: Propiedades particulares.

**Sétimo.-** Con data do 14/12/2016 o Xurado de MVMC de Pontevedra acorda, por unanimidade dos seus membros, iniciar de oficio a revisión do esbozo de clasificación do monte "Pedrousos ou Contumil".

**Oitavo.-** Con data do 16/01/2017, o presidente do Xurado de MVMC de Pontevedra solicita ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Nantes (Sanxenxo) coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na Disposición transitoria décimo terceira da LMG.

CVE: M4sLmk4k1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL

Edificio Administrativo
Rúa Fernández Ladreda, 43
36071 PONTEVEDRA

galicia

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

**Primeira.-** A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia , na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

**Segunda** -En data do 09/06/2017 a xefa da Area Técnica de Montes Veciñais en Man Común adscrita ao Servizo de Montes da Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, presenta un informe favorable a revisión do esbozo do monte Pedrousos ou Contumíl, sito en Nantes, concello de Sanxenxo, de acordo á descrición do punto Sexto de Antecedentes e os planos en soporte papel e dixital.

Vista a proposta de revisión presentada sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal de Pedrousos ou Contumil pola xefe da Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común e de conformidade con previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia este **Xurado,** por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

**APROBAR** a proposta de adaptación de esbozo do monte veciñal Pedrousos ou Contumil, da CMVMC de Nantes ( Sanxenxo), segundo o informe técnico do 09/06/2017 e a planimetría que acompaña o mesmo , quedando o monte coas características que se describen no antecedente de feito sexto.

O presidente do Xurado de montes veciñais en man común
Antonio Iglesias Crespo
(Sinatura electrónica)

Asinado por: CRESPO IGLESIAS, ANTONIO
Cargo: O presidente do Xurado provincial de montes veciñais en man común
Data e hora: 20/07/2017 13:23:28

CVE: M4sLrnk4k1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| O Xefe da Sección de Topografía<br>Alberto Acevedo López<br>Enxeñeiro en Xeomática. | 30m. 0m. 30m. 60m. 90m. | FEB - 2015<br>ESCALA: 1/3.000 | Nº de plano:<br>1 de 1. | MONTE "PEDROUZOS E CONTUMIL"<br>CMVMC DE NANTES<br>CONCELLO DE SANXENXO | Atendendo ao RD. 1071/2007, de 27 de xullo, pola que se regula o sistema xeodésico de referencia en España, a producción cartográfica realizouse en UTM - ETRS89 - fuso29 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*EDICTO do 26 de setembro de 2017, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre a revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal de Pedrouzos ou Contomil, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Nantes, no concello de Sanxenxo.*

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, do 10 de xullo de 2017, ao respecto da revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal de Pedrouzos ou Contomil, da CMVMC de Nantes, concello de Sanxenxo (Pontevedra).

Feitos:

Primeiro. O monte Pedrouzos ou Contomil clasificouse por resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra o 13 de xaneiro de 1987, segundo os límites descritos no expediente de investigación realizado pola Administración forestal no concello de Sanxenxo, cunha cabida de 7,1350 ha e uns límites xerais.

– Norte: propiedades particulares Campiños e Revoltas.

– Sur: propiedades particulares Gramaliños.

– Leste: propiedades particulares Fontacovo, monte de Carballo e Gramales.

– Oeste: propiedades particulares Pedrouzos e Pinal do Rei.

Na investigación citada inclúese un esbozo sobre cartografía que non permite a práctica de medicións e que se xunta a este informe.

Segundo. O 16 de febreiro de 2015 recíbese escrito do Concello de Sanxenxo en que solicita á antiga Consellería do Medio Rural e do Mar a comprobación e corrección do

CVE-DOG: c2zb1gh7-sar0-tdu3-8i06-0cbeju1eb0w5

esbozo do monte Pedrouzos ou Contomil sito na parroquia de Nantes, Sanxenxo (Pontevedra), alegando, entre outras, o seguinte:

1. En sesión celebrada o 30.8.1974 a corporación municipal en pleno acordou iniciar o expediente de deslindamento do citado monte, do cal se elaborou a cabo a correspondente acta de apeo e o levantamento topográfico con data 15.9.1975.

Resultado do anterior, con data 27.9.1975, o enxeñeiro encargado dos traballos, Ricardo García Borregón, emite un informe en que refire:

«As estremas que propoñemos para o monte son as seguintes:

– N: os predios Revolta e Campiños.

– E: os montes particulares denominados Fontacovo o Fontacón, Carballo e Gramales.

– S: o monte Gramaliños.

– O: os montes denominados Pedrouzos e Pinal do Rei.

O encravado Pedrouzos está todo rodeado de muro rudimentario e ten unha superficie de 3.460 m². Por tanto, a superficie de terreos municipal será:

– Superficie total: 74.810 m².

– Superficie do encravado: 3.460 m².

– Diferenza: 71.350 m²».

Finalmente, en sesión ordinaria celebrada o día 26.12.1975, a corporación municipal en pleno adoptou o seguinte acordo literal:

«Deslindamentos administrativos. Deslindamento do monte Contomil ou Pedrouzos. Deuse conta á corporación municipal do expediente tramitado neste concello co motivo do deslindamento do monte de libre disposición denominado Contomil ou Pedrouzos, na parroquia de Nantes do concello de Sanxenxo, que figura debidamente inscrito no Rexistro da Propiedade e no Inventario de bens municipais, da acta de apeo do dito monte elaborada o día 15 de setembro de 1975, así como do informe e plano levantado do enxeñeiro operador das ditas estremas, polo que resulta o dito monte, unha vez deslindado, cunha superficie

CVE-DOG: c2zb1gh7-sar0-tdu3-8i06-0cbeju1eb0w5

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 195 | Venres, 13 de outubro de 2017 | Páx. 48120

de 71.350 m² e que linda ao norte, predio Revolta e Campiñas; sur, monte Gramaliños; leste, os montes particulares denominados Fonta-Covo, Carballo e Gramales, e oeste, os montes denominados Pedrouzos e Pinal do Rei; a corporación, por unanimidade e despois dunha ampla deliberación, acorda prestar aprobación ao deslindamento efectuado de conformidade co disposto no Regulamento de bens das corporacións locais do 27.5.1955, e facultar o alcalde para os trámites sucesivos do dito expediente».

E con data 28.1.1976 publícase o correspondente anuncio no *Boletín Oficial* da provincia da aprobación do deslindamento.

De todo o anterior o concello de Sanxenxo achega documentación, incluída memoria, acta, informe e plano de deslindamento.

Terceiro. O 14.1.2015, Manuel Otero Pombo, representante da comunidade de Contumil-Pedrouzos (Nantes), achega documentación ante o Concello de Sanxenxo onde fai constar:

«– Segundo consta nos arquivos da CMVMC de Contomil-Pedrouzos, os terreos pertencentes a esta comunidade de montes, logo do deslindamento e aprobación polo Xurado Provincial de Montes, correspóndese co plano levantado para o efecto que se achega (presenta plano de deslindamento realizado polo concello o 27.9.1975).

– Que o monte se atopa perfectamente deslindado e delimitado con poste de formigón.

– Os terreos do comunal en parte polo seu vento oeste, estremaban co centro cultural e deportivo de Sanxenxo, estes terreos tamén están perfectamente delimitados e pechados con tubos de arame. Ao longo desta linde e, en terreo comunal, construíuse unha estrada que dá servizo ao colexio de Nantes e comunica os lugares de Pedrouzos e Revolta. Actualmente o círculo cultural e deportivo de Sanxenxo, estrema con esta estrada de titularidade municipal, polo que xa non linda con monte comunal.

– Nunca existiu ningún tipo de conflito na estrema co círculo cultural e deportivo de Sanxenxo, que veñen utilizando e gozando da súa propiedade desde hai moitos anos de forma pacífica».

Cuarto. Revisada toda a documentación, compróbase que o esbozo que acompaña o estudo previo da clasificación do monte veciñal de Pedrouzos ou Contomil e o plano de

CVE-DOG: c2zb1gh7-sar0-tdu3-8i06-0cbeju1eb0w5

deslindamento realizado polo Concello o 27.9.1975 teñen a mesma forma pero un está xirado respecto ao outro, incluso o encravado que hai nel.

Que o monte veciñal de Pedrouzos ou Contomil foi clasificado polo Xurado Provincial de MVMC en 1987 coas mesmas estremas e cabida que o deslindamento aprobado e anunciado polo Concello o 28.1.1986.

Que os terreos que a Comunidade de Pedrouzos ou Contomil consideran como monte veciñal é o referido no plano de deslindamento do monte polo Concello o 27.9.1975.

Quinto. Como consecuencia de todo isto, o 25.2.2015 o Servizo de Montes de Pontevedra realiza un levantamento topográfico da liña do monte veciñal de Nantes que linda co círculo cultural de Sanxenxo.

Sexto. Paralelamente compróbase *in situ* o erro do esbozo da carpeta ficha, e que este monte sufriu o paso da autovía AG-41 (autovía do Salnés), acto de disposición que non se encontra recollido no Rexistro Provincial de MVMC de Pontevedra. O Servizo de Montes realiza o levantamento topográfico de todo o monte veciñal de Pedrouzos ou Contomil, acompañado por representantes da comunidade.

Como consecuencia deste levantamento topográfico, o monte queda descrito da seguinte maneira:

O monte Pedrouzos ou Contomil, polo paso da autovía AG-41 e por un camiño asfaltado queda dividido en 4 parcelas de cabidas:

– Parcela 1: 1,46 ha despois de descontado o encravado A de 0,33 ha.

– Parcela 2: 1,12 ha.

– Parcela 3: 0,84 ha.

– Parcela 4: 0,89 ha

Polo que a cabida total é de 4,31 ha, descontando o encravado A de 0,33 ha, situado na parcela 1.

As estremas xerais, considerando que o monte é un couto redondo e que a dita continuidade non se ve interrompida por estremas naturais, artificiais (vías de comunicación, etc.)

CVE-DOG: c2zb1gh7-sar0-tdu3-8i06-0cbeju1eb0w5


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

nin administrativas, segundo recolle o punto 10 do artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, son: norte, sur, leste e oeste, propiedades particulares.

Sétimo. O 14.12.2016 o Xurado de MVMC de Pontevedra acorda, por unanimidade dos seus membros, iniciar de oficio a revisión do esbozo de clasificación do monte Pedrouzos ou Contomil.

Oitavo. O 16.1.2017, o presidente do Xurado de MVMC de Pontevedra solicita ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Nantes (Sanxenxo) coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei de montes de Galicia.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

Segunda. O 9.6.2017 a xefa da Área Técnica de MVMC do Servizo de Montes da Xefatura Territorial do Medio Rural de Pontevedra presenta un informe favorable á revisión do esbozo do monte Pedrouzos ou Contomil, sito en Nantes, do concello de Sanxenxo, de acordo coa descrición do punto sexto dos feitos e os planos en soporte papel e dixital.

Vista a proposta de revisión presentada pola antedita xefa da Área Técnica sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal de Pedrouzos ou Contomil, e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado provincial, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Aprobar a proposta de adaptación de esbozo do monte veciñal de Pedrouzos ou Contomil, da CMVMC de Nantes, concello de Sanxenxo (Pontevedra), segundo o informe técnico do 9.6.2017 e a planimetría que o acompaña, co que o monte queda coas características que se describen no antecedente de feito sexto.

Pontevedra, 26 de setembro de 2017

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: c2zb1gh7-sar0-tdu3-8i06-0cbeju1eb0w5